

Durante a “supervisión” das obras do IES Aquis Celenis de Caldas, o 2 de xaneiro, Román Rodríguez realizou por dúas veces esta afirmación impropia do seu cargo e que redundo no cualificativo como “clase ociosa” do seu subdirector xeral de Inspección.

O conselleiro de Educación falta ao respecto ao profesorado durante unha visita institucional acusándoo de “traballar pouco”

A CIG-Ensino vén de coñecer que, por dúas veces, o conselleiro de Educación, co agravante de facelo no exercicio da súa representación institucional, declarou de forma directa ante un grupo de docentes do IES Aquis Celenis de Caldas que **o profesorado “traballa pouco”**, unha afirmación que non só está **afastada da realidade diaria dos centros, senón que ademais contribúe activamente ao desprestixio social do persoal docente.**

Para o sindicato é inadmisíbel que, desde a propia Consellaría de Educación, se exprese reiteradamente a idea de que o profesorado incumpe as súas obrigas profesionais e educativas. Porque este non é un feito illado, senón unha nova expresión do que parece o posicionamento dos altos cargos da Consellaría. Xa no mes de xuño pasado a CIG-Ensino denunciaba as opinións asinadas e publicadas polo subdirector xeral da Inspección e Avaliación do sistema educativo, Enrique Prado Cueva, nas que cualificaba o profesorado como **“clase ociosa que só despertará se ve perigar o seu posto de traballo e os seus privilexios”** e que considera a inclusión educativa como unha “presión curricular” que “debería ser analizada con moito coidado”, evitando “os principios inoperantes do progresismo”. Tras a petición de dimisión formulada pola CIG-Ensino, tanto a decisión de Román Rodríguez de non cesar o subdirector xeral como as súas propias declaracións evidencian que non só o apoia, senón que asume o seu discurso, por moito que se empeña en transmitir unha imaxe moderada dentro do goberno de Rueda.

Desde a CIG-Ensino denúnciase esta falta de respecto e quere pórse de manifesto de novo que a realidade é ben outra, a que se leva evidenciando nos últimos anos cos recortes da Consellaría e este curso especialmente con cinco convocatorias de folga en apenas catro meses: **docentes que asumen**



unhas ratios e carga lectiva elevadas, vacantes sen cubrir, unha burocracia asfixiante, falta de recursos para atender á diversidade, ausencia de recoñecemento e valorización da profesión, lexislación non consensuada pola falta de diálogo coa representación do profesorado... Desde o sindicato maioritario non só non se dubida, senón que se defende que o mellor do sistema educativo galego son as persoas que o sosteñen día a día: as e os docentes.

Ademais, cando Román Rodríguez afirma que “os profesores traballan pouco” dá voz a discursos que desautorizan o labor colectivo de miles de profesionais e sementa desconfianza na sociedade e no alumnado cara o profesorado e faino sen pudor porque se considera “intocábel”. Non é aceptábel baixo ningún concepto que quen ostenta a maior responsabilidade da Consellaría de Educación contribúa activamente a esfear a credibilidade do profesorado.

Desde a CIG-Ensino reclamamos respecto institucional, recoñecemento da función docente e un discurso público que non rebaixe nin desprestixie o profesorado, senón que recoñeza o seu esforzo e contribución ao funcionamento do ensino público galego.

Desde o sindicato criticase a falta de respecto de Román Rodríguez cara a representación do profesorado e que non se coñezan os detalles da suposta negociación que se está producindo no marco do Acordo de Melloras, “algo que coa CIG nunca se produciría”.

Concentración durante a presentación do Plan integral de benestar dixital para esixir negociacións ao conselleiro

En declaracións aos medios de comunicación, Diego Boquete, secretario de Acción Sindical, insistiu en que se se quere mellorar o benestar nos centros é necesario dotalos de máis persoal. “O benestar conséguese con condicións de traballo dignas e apostando polo ensino público e non con actos propagandísticos e vídeos publicitarios que é ao que se dedica ultimamente o conselleiro até o punto de parecer un youtuber”.



No Edificio Fontán da Cidade da Cultura tivo lugar a presentación do Plan de Benestar Dixital a cargo do conselleiro de Educación e de varios altos cargos do seu departamento. Un grupo de delegados e delegadas da CIG-Ensino concentráronse ás portas da sala de eventos para “visibilizar que queremos comezar unha negociación para mellorar as condicións laborais do profesorado”, en palabras de Diego Boquete, responsábel de Acción Sindical. “Non nos serve o marco de negociación da comisión de seguimento do chamado Acordo de Melloras, que por certo os mesmos sindicatos que o asinaron o teñen denunciado nos xulgados por incumprimento, porque ademais o que quere negociar o profesorado galego está fóra dese acordo”, engadiu.

A CIG-Ensino foi moi crítica coa actitude do conselleiro que ignora a representación maioritaria do profesorado galego e que está continuamente nas redes sociais protagonizando vídeos e realizando actos propagandísticos. “Semella que está intentando salvar o seu posto de traballo cando o que quere a CIG-Ensino é defender os postos de traballo docentes e unhas condicións mínimas para

o ensino público galego”. Ademais, púxose o foco en que é preciso que se coñezan os detalles da suposta negociación que se está levando a cabo na comisión de seguimento do acordo. “Nunha Mesa Sectorial, que por certo só houbo unha no que vai de curso sobre o Concurso de Traslados, a CIG-Ensino publica todas as propostas e documentos que se someten a debate e mantén permanentemente informado ao profesorado de todos os pasos, mentres que do que se fala nesa comisión de seguimento nada se sabe por ningunha das partes. O profesorado pode ter claro que isto coa CIG nunha negociación nunca pasaría”, salientou.

Por último, a preguntas dos xornalistas sobre o novo Plan Integral de Benestar Dixital que inclúe a sinatura dun contrato coas familias e co alumnado para controlar o uso de pantallas fóra dos centros educativos, Boquete comentou que excede as responsabilidades que lle competen ao profesorado porque se trata de cuestións que non son académicas nin pedagóxicas e que non van permitir que supoña máis burocracia, ademais de lamentar que non pase pola Mesa Sectorial “se, como parece, vai afectar ás condicións laborais docentes”.

NEGOCIACIÓN OU DIMISIÓN

#profesoradoenloita